

# PLAN DE IGUALDADE



C.E.I.P. PLURILINGÜE  
NOSA SEÑORA DA PIEDADE  
VILA DE CRUCES

Curso  
2023/24

## PLAN DE IGUALDADE

1. Introducción.
2. Contextualización normativa e do centro.
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:
  41. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
  42. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
  43. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
  44. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
  51. Organización do centro.
  52. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
  53. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
  54. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento e avaliación
  61. Indicadores.
  62. Propostas de mellora.

## 1. Introducción

Con este plan de igualdade no CEIP Plurilingüe Nosa Señora da Piedade pretendemos contribuír a que entre todos e todas poidamos lograr a desaparición de calquera estereotipo de discriminación sexista e que a igualdade formal se converta en igualdade real, de maneira que os nosos nenos e nenas de hoxe se formen como homes e mulleres dun futuro máis humano.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- Transversalidade: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- Inclusión e integración da diversidade. A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

Comentamos en primeiro lugar as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa estean a funcionar no noso centro:

- No Consello Escolar do centro está nomeada unha persoa representante de medidas educativas que fomentan a igualdade entre homes e mulleres. Ademais da Comisión de convivencia con funcións específicas para velar polo correcto cumprimento das normas relacionadas coa coeducación.
- Non se activaron protocolos concretos pero están reflectidas nos documentos do centro medidas de intervención para abordar condutas contrarias á

convivencia por razón de xénero.

- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
  - ✓ **Plan de convivencia:** Figuran nos obxectivos do plan de convivencia mencións concretas a coeducación e a acción orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
  - ✓ **NOFC:** Nas normas de organización e funcionamento do centro aparecen como obxectivos:
    - Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente.
    - Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
    - Establecer medidas correctoras cando a conduta é prexudicial para a convivencia: discriminación por razón de sexo, orientación ou identidade sexual.
  - ✓ **Proxecto lingüístico de Centro:** No documento do centro establececese como norma no uso do idioma
  - ✓ **Plan de integración das TICs:** Un dos obxectivos do plan é o uso en igualdade de condicións dos medios TICs do centro. Ademais potenciarase o sentido crítico na selección de información que se busca na rede, adecuada á idade do alumnado e respetuosa con todas as identidades sexuais.
  - ✓ **Proxecto educativo:** Presenza da coeducación como marca de identidade do centro. Traballamos pola eliminación das discriminacións por razón de sexo e xénero e tamén polo respecto á identidade e imaxe das mulleres e na superación de tabús e diferenciación de roles entre mulleres e homes ,que permitan o desenvolvemento integral das persoas, superando os comportamentos sexistas. Así pois loitamos pola integración dos obxectivos de igualdade.
- Os obxectivos coeducativos difúndense entre os distintos membros da

comunidade educativa para a súa información e sensibilización a través da páxina web do centro onde se recollen todas as actividades que se levan a cabo e os documentos de organización.

- Na concreción curricular das distintas materias recóllense de maneira transversal contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Aínda que a promoción dunha orientación laboral e profesional é propia da Educación Secundaria, no noso centro incúlcase no alumnado un futuro libre de estereotipos de xénero na elección da vida futura.
- No centro realízanse actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo , día da paz e non violencia ...)
- Case todo o profesorado do centro participou nunha actividade formativa específica sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...). dentro do Plan de formación permanente do profesorado (" Igualdade, Convivencia e Inclusión" ) onde se traballou de maneira directa e transversal a perspectiva de xénero etc.

## **2. Contextualización normativa e do centro**

### **2.1. Normativa**

--Normativa estatal

- Constitución española de 1978
- Tratado de funcionamento da Unión Europea (Art. 8)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

- Lei orgánica 2/2006 de Educación.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

--Normativa autonómica

- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

**2.2. Cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa figuren na documentación do centro.**

- a. No Plan de convivencia figuran accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia
- b. No Plan de acción tutorial figuran obxectivos coeducativos concretos e accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes .
- c. Nas NOFC tamén se menciona a prevención da violencia de xénero, a igualdade e a non discriminación .
- d. O Proxecto educativo nomea tamén accións encamiñadas a conseguir unha igualdade plena de homes e mulleres.

- e. No Proxecto Lingüístico , Proxecto Lector, Plan Dixital e Plan de Atención á Diversidade tamén se nomean diferentes aspectos referidos ó emprego de linguaxe adecuada, á lectura de libros non sexistas, o uso dos medios tecnolóxicos en igualdade e ó respecto a todas as diferenzas.

### 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

É unha realidade a situación de desequilibrio acusado (fendas de xénero) na sociedade. Para afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero no no contexto social dos nosos nenos e nenas facemos fincapé nas accións positivas que desenvolvemos no centro.

A situación do noso colexio en relación coa igualdade é a seguinte:

- Representación de profesorado nos distintos órganos de decisión: O claustro está formado por 3 mestres e 16 mestras. No persoal non docente hai un home. O persoal de limpeza son mulleres. O Consello Escolar ten tres membros varóns, sendo a representación de pais e nais toda feminina. O equipo directivo está formado por tres mulleres.
- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula.

NIVEL	ALUMNOS	ALUMNAS
4º INFANTIL	11	5
5º INFANTIL	9	7
6º INFANTIL	11	10
1º PRIMARIA	10	9
2º PRIMARIA	20	13
3º PRIMARIA	14	9
4º PRIMARIA	14	6
5º PRIMARIA	11	8
6º PRIMARIA	12	17
TOTAL	112	84

No actual curso están matriculados no centro 28 homes máis que mulleres.

No noso centro non temos casos de abandono nin absentismo escolar.

Rexistro de condutas contrarias á convivencia (conflitividade escolar).

As condutas contrarias á convivencia non son graves no noso centro, pero cando se producen incumprimento das normas ou faltas leves, son maioritariamente por parte dos alumnos. Teñen maiores problemas co liderazgo e maior conflitividade e violencia.

Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (ex. deportivas, artísticas, tecnolóxicas etc.).

As dependencias do centro son usadas indistintamente por nenos e nenas.

A organización do patio en xogos é totalmente igualitario. Os usos dos espazos son rotatorios por aulas permitíndose tamén o xogo libre.

#### 4. Obxectivos coeducativos desenvolvidos a través do plan en canto aos seguintes temas:

##### **4.1.Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

<b>OBXECTIVO 1</b>  Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas	--Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades <u>na documentación organizativa</u> dos centros educativos.
	--Facer visibles as boas prácticas coeducativas do centro, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade. Empregar a <u>páxina web</u> para iso.
	--Fomentar a elaboración, elección e uso de <u>materiais didácticos</u> inclusivos e coeducativos
	-- Intensificar a <u>formación do profesorado</u> para o tratamento da



dinámicas educativas	diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
	--Promover a participación e <u>implicación das familias</u> no traballo coeducativo.

<b>OBXECTIVO 2</b>  Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opción.	-- Adaptar <u>materiais de apoio</u> e afondar no desenvolvemento da competencia social e cidadá dende a igualdade e non discriminación.
	- Facer conscientes aos alumnos e alumnas dos <u>estereotipos</u> de xénero (linguaxe sexista, trato condicionado ao sexo, posibles actitudes sexistas en participacións na clase...)
	--Empregar unha <u>linguaxe igualitara</u> en todas as explicacións procurando que apareza o masculino e o feminino.
	--Crear <u>equipos</u> de traballo na aula <u>heteroxéneos</u> no que se refire ao sexo dos integrantes
	--Repartir equitativamente as responsabilidades da clase entre todo o alumnado. Potenciar que os/as encargados/as, delegados/as sexan de ámbos sexos.
	--Analizar os <u>xoguetes e xogos</u> para liberalos de perspectiva de xénero.
	--Analizar algúns <u>contidos dos medios de comunicación</u> para facer conscientes a alumno e alumnas dos estereotipos
	--Posta a disposición dos centros de recursos, estratexias, metodoloxías, materiais, encamiñados a <u>crear espazos e tempos de convivencia</u> non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedores escolares, clubs de lectura, etc) libres de roles de xénero.
	--Fomentar o <u>uso igualitario dos espazos</u> (recreos, aula , ximnasio...)favorecendo a participación igualitaria e a distribución

	de espazos nos xogos e nas actividades deportivas.
<b>OBXECTIVO 3</b>  Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolla a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística...)	-- Visibilización de <u>roles</u> non marcados na orientación educativa e profesional.
	-- <u>Facilitar modelos profesionais e vitais</u> diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.  - Fomentar a <u>autonomía do alumnado</u> , tanto na casa como no entorno escolar, de modo que sexan capaces de realizar tarefas cotiás evitando desigualdades.
	-- Visibilizar e eliminar os <u>estereotipos</u> que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.

#### **4.2.Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

<b>OBXECTIVO 4</b>  Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das	--Realizar actividades de <u>sensibilización</u> do alumnado en relación coa violencia de xénero .
	--Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a <u>prevención e detección precoz</u> daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia

<p>relacións persoais, co fin de visibilizalos mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.</p> <p>Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero.</p>	<p>de xénero (control, acoso, abuso, etc).</p>
	<p>--Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc). Asistencia do alumnado ás charlas da Garda Civil dentro do <u>Plan Director</u>.</p>
	<p>--<u>Investigación</u> en materia convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.</p> <p>--<u>Apoiar ao alumnado vítima</u> de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarse en coordinación con servizos sociais e con xustiza.</p>

#### **4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

<p><b>OBXECTIVO 5</b></p> <p>Educar desde a diversidade para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.</p>	<p>--Establecer ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia e os menores poidan desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola <u>realidade transexual</u>.</p>
	<p>-- Colaboración con <u>axentes socio-educativos</u> e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual .</p> <p>--Dar a coñecer ao alumnado actitudes que faciliten a convivencia e sensibilizalo na <u>prevención do acoso e</u></p>

<p>Eliminar formas de abuso, discriminación e violencia, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación por razón de identidade sexual</p>	<p><u>ciberacoso</u> relacionado coa diversidade de xénero e sexual.</p> <p>-- Planificar <u>actividades</u> sobre as relacións persoais, afectivas e sexuais co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais tóxicas e de sometemento.</p> <p>--Seguir de <u>protocolos de actuación</u> para dar resposta ás necesidades do centro (prevención, identificación, atención, denuncia) co fin de atender as súas realidades.</p> <p>-- Favorecer a <u>investigación</u> e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.</p>
---	---

#### **4.4.Prevenición, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.**

<p><b>OBXECTIVO 6</b></p> <p>Previr, deter e intervir no centro se se detectan casos de LGBTI fobia.</p>	<p>--Mostrar <u>diferentes conformacións familiares</u></p> <p>--Visibilizar a aquelas persoas LGBTI que poden ser <u>referentes</u> positivos nos medios de comunicación.</p> <p>--Fomentar <u>expresións artísticas e culturais</u> que axuden á transformación e inclusión da diversidade sexual e sobre as identidades de xénero.</p> <p>--<u>Detectar e intervir</u> en casos de</p>
--	---

	violencia segundo os protocolos establecidos.
--	---

## 5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

### 5.1. Organización do centro:

Nomeamos a continuación as actividades concretas que vai a levar a cabo o centro dentro do plan de igualdade.

- Favorecer a **representación** de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- No seno do **Consello Escolar** está nomeada unha persoa responsable en materia de igualdade para participar no impulso do Plan de igualdade. A Comisión de Convivencia tamén participará na posta en práctica das actividades que se nomean, coa participación de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás **familias**) Publicarase na páxina web do centro.
- Promover a **formación** do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Empregar unha **linguaxe** inclusiva e igualitaria na actividade do centro, en toda a documentación , na expresión oral e escrita.
- Colaborar con outras **entidades** na realización de actividades coeducativas: concello de Vila de Cruces, Garda Civil...
- Incluír no desenvolvemento curricular do CEIP a **educación afectivo-sexual** integral para todo o alumnado do centro. Está tamén nomeada na programación de estándares da competencia social e cidadá.
- Promover pautas de actualización curricular e **revisión do material didáctico** con perspectiva de xénero. Ademais potenciarase a elaboración de material específico para traballar o tema nas aulas de E. Infantil e Primaria.
- Actividades arredor das **datas coeducativas** do calendario escolar:

-Día contra a Violencia de Xénero : 25 de novembro: representación de grafittis polo mundo famoso, relacionado coa muller.

- Día da discapacidade: o día 1 de Decembro persoal do CEE da Barcia virá o centro dar unha charla e o 13 de Decembro o alumnado de 2ºB irá o CEE da Barcia cantar panxoliñas.

-Día dos Dereitos Humanos: 10 de decembro: A non discriminación por ningunha razón.

Lectura comprensiva e expresión artística sobre o mesmo.

- Monstruos non sexistas en Samaín
- Día da Paz: 30 de xaneiro: Canción e contos sobre a resolución pacífica de conflitos e o respecto ás diferenzas.
- Día da muller: 8 de marzo: Realizárase un mural por cada aula dunha muller representativa do mundo. .
- Día contra o acoso escolar: 2 de maio. Dramatización gravada para a prevención do bulling e a LGTBIfobia.

→ Actividades que incorporan aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo –sexual.

- Establecer normas claras de funcionamento na aula.
- Favorecer a autoestima ante situacións de infravaloración.
- Crear un clima de confianza aceptando as suxestións dos nenos.
- Fomentar o compañeirismo.
- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas.
- Realizar actividades transversais a temas referidos a: educación para a cultura e a paz, igualdade e non discriminación, fomento da amizade...
- Fomento dunha autoestima e autoconceito positivo.

## 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as **programacións didácticas** e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisar o **material didáctico** empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Actividades dirixidas á **sensibilización** do alumnado na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social:
  - Traballo en equipo para mellorar a integración de alumnos de posible risco de discriminación
  - Xogos populares e cooperativos.
  - Actividades enmarcadas dentro do día da discapacidade, do acoso escolar e dos dereitos humanos para sensibilizar ao alumnado na non discriminación.

## 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Difundir información a través da páxina web do centro.
- Promover **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar adaptadas á E. Infantil e E. Primaria: "Azul e rosa", " A miña nai é fantástica", "Rosa caramelo", " Arturo e Clementina", "Cecilia e o dragón", "Óliver Buton é unha nena", " O monstro", "Unha familia moi normal" "O meu pai é ama de casa" "Billy e o vestido rosa"...
- Introducir nas maletas viaxeiras algún libro relacionado coa temática da igualdade.
- Revisar a idoneidade dos **contidos audiovisuais** das actividades do centro.

Algunhas das películas con contidos coeducativos son : Billy Elliot, Quero ser como Beckham, Mulan...

- Revisar a idoneidade das **entidades colaboradoras** co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.

Empregar **contidos de actualidade** para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real. Traballo de investigación nos cursos superiores sobre o contido machista de letras de cancións tanto populares como actuais

- Promover a imaxe positiva das mulleres para que o alumnado dispoña de **referentes femininos** en todos os eidos da sociedade.
- Realización de obradoiros e actividades educativas específicas para facilitar un **proxecto persoal e profesional baseado na vocación** e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados nos roles de xénero.
- Incluír na revista escolar e nas **publicacións periódicas** do centro artigos sobre os temas coeducativos.
- Xestionar as actividades e da ocupación do **patio** para favorecer a inclusión. Práctica de xogos populares e campeonatos deportivos con agrupamentos heteroxéneos e participación de ámbos sexos en aqueles con carácter estereotipado.
- Promover a cooperación nos **espazos tecnolóxicos** (uso de portátiles e tablets , uso dos robots, ...)
- Promover a prevención ante a **discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual** .
- Previr o **acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero** .
- Promover a **participación do sexo menos representado** nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade ente homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
  - Actividades de divulgación sobre coeducación.



- Censurar os comportamentos e actitudes de relación entre o alumnado que non sexan igualitarios.
- Romper nas aulas cos estereotipos sexistas.

#### **5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:**

- Promover o **respeto** e do bo trato entre mulleres e homes.
  - Actividades de **coitado** entre persoas, do medio ambiente etc.
  - Promover o respecto cara á **diversidade** sexual e de xénero.
  - Promover metodoloxías activas participativas e **cooperativas**.
  - Promover a **corresponsabilidade** na realización das tarefas.
- Ximkana de xogos "Tarefas do fogar" promovida polo Concello.
- Actividades de **intervención social** na comunidade educativa.
  - Protocolos de intervención en casos de faltas de respecto e discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual.

#### **Protocolo de actuación por acoso e intimidación.**

Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

- ✓ Calquera membro da Comunidade Educativa que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso ou intimidación deberá comunicalo ao Equipo Directivo.

- ✓ O Equipo Directivo en colaboración co/coa Orientador/a e o mestre/a titor/a do alumno/a solicitarán a información necesaria garantindo sempre a confidencialidade.
- ✓ Farase unha Valoración inicial.
- ✓ Tomaranse medidas necesarias e oportunas despois da primeira valoración.
- ✓ Elaborarase un informe escrito que quedará rexistrado en Dirección.
- ✓ As familias serán informadas das devanditas dilixencias.
- ✓ Estableceranse medidas de apoio directo a vítima.
- ✓ Revisión da utilización de espazos e tempos no centro, establecendo medidas de prevención.
- ✓ Aplicación das NOFC segundo se estime convinte.
- ✓ Segundo a gravidade do caso, posta en coñecemento e denuncia ás instancias correspondentes.

### **Protocolo de identidade de xénero**

Se calquera membro do persoal docente observa nun/ha alumno/a, manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, debe informar á dirección do centro. A dirección, conxuntamente co titor ou titora, e co apoio do departamento de orientación, establecerá unha xuntanza cos representantes legais do ou da menor que abordará a situación percibida, poñéndose a disposición das familias para a achega de toda a información necesaria para abordar esta situación de diversidade. O obxectivo é dar a mellor resposta posible ás necesidades específicas de apoio educativo no marco do plan de convivencia do centro e, de acordo con estas orientacións, estableceranse as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor.

Son medidas a tomar:

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autocoñecemento, coñecemento mutuo,

empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.

- Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.

## 6. Seguimento e avaliación

### 6.1. Procedemento de avaliación do funcionamento do plan

6.1.1. Indicadores de medida. Para conseguir os mellores resultados no desenvolvemento do Plan de Igualdade levarase a cabo unha avaliación continua que nos permitirá saber :

- Os obxectivos plantexados son os adecuados .
- As actividades e propostas son correctas para lograr as modificacións oportunas.
- Grado de implicación dos membros da Comunidade Educativa no desenvolvemento do plan.
- Coordinación entre os profesionais participantes
- Grado de aceptación das propostas.
- Uso da linguaxe adecuada: cartelería, comunicados, documentos do centro..
- Uso de recursos e materiais sobre educación
- Publicación na web das actividades levadas a cabo.
- Uso igualitario de espazos , recursos e tempos

6.1.2. Instrumentos de avaliación que permitan obter evidencias e valorar os avances coa maior obxectividade posible.

- Escala de observación para analizar a situación de igualdade no centro.

6.2. Propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

A avaliación continua e final valorará os resultados obtidos, as posibles melloras, erros, necesidades e grado de satisfacción coas actividades levadas a cabo.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora de cara o vindeiro curso: revisión dos obxectivos e actividades plantexadas, reunión de seguimento na Comisión de Convivencia no seno do Consello Escolar e inclusión na memoria final do CEIP un apartado sobre o desenvolvemento do Plan de Igualdade.